



2022/XENINT/000017

M^a HERCULINA DOMINGUEZ MARTIN, INTERVENTORA TITULAR DO ÓRGANO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA E DE CONTABILIDADE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA,

FAGO CONSTAR:

1. Que consultada a aplicación habilitada na **Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais** para solicitar a adhesión ao Fondo de Impulso Económico, se determina que o Concello de Pontevedra a día 26 de abril de 2022 atópase dentro do ámbito subxectivo desta aplicación, ao cumprir con todas as condicións que se recollen no artigo 50 do RDL 17/2014, de 26 de decembro.
2. Tendo en conta o anterior, e de acordo co establecido no Anexo 3 ao que fai referencia o artigo 3 da Resolución do 04 de xullo de 2017, da SXTePF, o **diferencial máximo** sobre o custo de financiamento do Estado a aplicar na operación de préstamo que se proxecta concertar e que figura incluída no Orzamento do Concello para o exercicio 2022, **é de 50 puntos básicos**.
3. Por outra banda, en base as características da operación que se proxecta (prazo da operación, anos de carencia, período de liquidación de intereses e amortización e o sistema lineal de amortización constante) **a vida media da operación** queda establecida en **7,125 anos**, e dicir, **85,5 meses**.
4. En consecuencia, o **Custo total Máximo (CTM) desta operación**, (que non poderá superar o custo de financiamento do estado (CFE) ao prazo medio da operación, incrementado en 50 puntos básicos), tendo en conta a resolución en vigor publicada pola Dirección Xeral do Tesouro de data 5 de abril de 2022 (BOE nº 82 do 06/04/2022) e que rexerá a presente licitación, e logo de efectuar a interpolación lineal entre os dous diferenciais mais achegados sobre o euribor a tres meses, **se calcula en 2 puntos básicos**. E dicir:

$$\text{CTM (a 07.04.2022)} = 2 + 50 = 52 \text{ puntos básicos}$$

E para que así conste, e aos efectos previstos no prego de condicións administrativas que rexeran a concertación da operación de préstamo prevista no Orzamento do Concello para o exercicio de 2022, expido a presente en Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica co visto e prace do sr. Concelleiro Delegado do Area de Facenda.

